



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Coñía)

Telefs: 981 - 69 35 67 y 981 - 69 36 63 Fax: 981 - 69 35 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "REPARACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE FRADES" EXPTE CO 1.2020

Reunidos en Frades, ás 12:00 horas do día 25 de maio de 2020.

Dunha parte, D. Roberto Rey Martínez Alcalde-Presidente do Concello de Frades con D.N.I. núm. 79314640Z, asistido da Secretaria da Corporación D. Carmen Gómez Otero con D.N.I. 34898999-H, que dá fe do acto.

Doutra parte D. Manuel Perez Lorenzo con D.N.I. 36036898S, en representación da empresa AQUANOR, AGUAS DEL NOROESTE S.L. con C.I.F. núm B36769305, con domicilio fiscal e a efectos de notificacións en Rúa Areas, nº14, Baixo, Baiona, CP 36393, Pontevedra.

A finalidade do presente acto é a de proceder á formalización do contrato de obras por procedemento aberto simplificado.

Dita adxudicación foi por Decreto de 12 de maio de 2020 segundo despréndese dos seguintes,

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. - Con data agosto de 2019 redactouse o proxecto das obras de "REPARACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE FRADES", enxeñeiro técnico D. Pablo Rojo Losada, Colexiado nº 2525, con motivo da axuda concedida ao abeiro do Plan POS + Adicional 1/2019 pola Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDO.- Con data 03/02/2020 xustificouse a realización das obras e o 10/02/2020 mediante Resolución da Alcaldía nº32/2020 aprobáronse os Pregos de Cláusulas Administrativas e o expediente ordinario de contratación por procedemento aberto simplificado, da obra "REPARACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE FRADES" e autorizouse o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 637.63200, e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación con arranxo ao proxecto técnico e prego de cláusulas administrativas particulares que se consideran parte integrante do contrato.

TERCEIRO. Con data 12 de maio de 2020, o Órgano de Contratación adxudicou por medio de Decreto as obras a AQUANOR, AGUAS DEL NOROESTE S.L. que transcrito literalmente di o seguinte:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 70
E-Mail: correo@fades.dicoruna.es

“Visto que por Providencia de Alcaldía de data 03/2/2020 acordouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 03/02/2020 polo Alcalde foi detectada a necesidade de realizar a contratación da execución do proxecto “REPARACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE FRADES” elaborado polo enxeñeiro técnico D. Pablo Rojo Losada, colexiado nº 2525, de data agosto de 2019, con motivo da axuda concedida ao abeiro do Plan POS + Adicional 1/2019 pola Deputación Provincial da Coruña

Visto que con data 03/02/2020 foi emitido Informe pola Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que pola Interventora realizouse a retención de crédito oportuna.

Vista Resolución da Alcaldía de 10/02/2020 aprobando o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato de obra “REPARACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE FRADES”, por procedemento aberto simplificado con publicidade no perfil.

Vistas as proposicións presentadas polos licitadores recollidas no expediente.

Vista a proposta da mesa de contratación relativa a adxudicar o contrato a AQUANOR AGUAS DEL NOROESTE, S.L. (B36769305) transcrita na acta que literalmente di:

“La mesa propone al órgano de contratación como adjudicatario a AQUANOR S.L. al resultar la oferta más ventajosa de conformidad con los criterios previstos en el Pliego de Cláusulas Administrativas.”

Visto o requirimento realizado a AQUANOR AGUAS DEL NOROESTE, S.L. (B36769305) o cal presentou a oferta máis vantaxosa para que presentase a documentación xustificativa establecida no artigo 16 do Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato, así como xustificación da constitución da garantía definitiva. Visto que con data en tempo e forma o candidato AQUANOR AGUAS DEL NOROESTE, S.L. (B36769305) constituíu garantía definitiva por importe de 4.051,29 euros e presentou os documentos xustificativos en



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

tempo e forma a través da plataforma de contratación, e copia do aval a través do rexistro do Concello.

En base a anteriormente exposto, **ACORDO:**

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa AQUANOR AGUAS DEL NOROESTE, S.L. (B36769305), o contrato de obra de obra "REPARACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE FRADES". CO 1.2020 por procedemento aberto simplificado, aprobado por Resolución de Alcaldía de data 10/02/2020, por importe de 81.025,86 euros, correspondiendo en concepto de IVA (21%) 17.015,43 euros, lo que hace un total de 98.041,29 euros.

SEGUNDO. Fxjar o prazo de execución en 90 días, dende a firma da acta de replanteo e designar como director de obra e responsable do contrato conforme co disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP a Pablo Rojo Losada. Fíxase un incremento de garantía de dous anos sobre o mínimo fixado.

TERCEIRO. Dispor do gasto por importe de 98.041,29 euros con cargo á partida 637.63200, do orzamento 2020.

CUARTO. Notificar, nos termos previstos no artigo 158 da Ley de Contratos do Sector Público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

QUINTO. Notificar a AQUANOR AGUAS DEL NOROESTE, S.L. (B36769305), adxudicatario do contrato, o presente acordo e citarlle para a firma do contrato que terá lugar en Frades, na sala de xuntas o vindeiro 27 de maio de 2020.

SEXTO. Publicar a formalización do contrato de no Perfil de contratante, [e publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña no prazo de corenta e oito días a contar desde a data da presente Resolución].

SÉPTIMO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Perfil do Contratante.

OITAVO. Remitir ao [Tribunal de Contas/ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma] unha copia certificada do documento mediante o que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente do que se derive, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, dentro do tres meses seguintes á formalización do contrato"

CUARTO. O adxudicatario presentou a través da plataforma de contratación en



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

tempo e forma a documentación requirida, entre outros documentos a garantía definitiva que non será devolta ou cancelada ata que se produciu o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato, ou resolto este sen culpa do contratista, por importe de 4.051,29 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

En data 22 de maio de 2020 emítese informe xurídico no que se informa favorablemente o retraso do replanteo que fixa o inicio de execución das obras por mor da crise sanitaria vivida polo COVID-19 e os meses de apertura da piscina.

E convindo a ambas partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente contrato de obras, formalízano neste documento administrativo, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. AQUANOR, AGUAS DEL NOROESTE S.L. comprométese á execución das obras de "REPARACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE FRADES" EXPTE CO 1.2020, con arranxo ao proxecto técnico, prego de cláusulas administrativas particulares, que figuran no expediente, e a oferta presentada, documentos contractuais que adopta incondicionalmente e sen reserva algunha e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade nel.

SEGUNDA. O prezo do contrato ascende a 81.025,86 euros, correspondiéndolo en concepto de IVA (21%) 17.015,43 euros, lo que hace un total de 98.041,29 euros, que serán abonados mediante certificacións de obra executada.

TERCEIRA. O prazo de execución é de 90 días naturais, contados desde o día seguinte ao da firma da acta de replanteo, fixándose o prazo de garantía en tres anos a contar dende a recepción da obra. A firma da acta de replanteo retrásase ata o vindeiro 14 de setembro de 2020 polos motivos expostos e mantidos no informe xurídico, sendo dende a súa firma cando se empezará a computar o prazo de execución.

CUARTA. Aos efectos de levar a cabo o seguimento da execución do contrato queda designado como responsable do contrato e director de obra ao enxeñeiro de técnico industrial D. Pablo Rojo Losada.



Concello de *FRADES*

Cimadevila, 10
15686.- *FRADES*. (A Coñía)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fmdes.diaruna.es

QUINTA. D. Manuel Pérez Lorenzo, en representación da empresa AQUANOR, AGUAS DEL NOROESTE S.L presta a súa conformidade ao Prego de Condicións que é documento contractual, asinándoo neste acto e sométese, para cando non se atope nel establecido aos preceptos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O presente contrato esténdese en dous exemplares e a un único efecto, no lugar e data ao principio mencionados.

O Alcalde,

Asdo.: Roberto Rey Martínez

En representación de AQUANOR, AGUAS DEL NOROESTE S.L

Asdo.: Manuel Pérez Lorenzo

A Secretaria,

Asdo.: Carmen Gómez Otero

